

Cap. 1 - O NOME

I.- O antecedente

O primeiro antecedente do nome “Ribeira Sacra” é (ou podería ser) o documento de fundación do mosteiro de San Xoán de **Rovoirá Sacrata** (hoxe Seoane Vello, cerca de Montederramo).

Trátase dun manuscrito escrito en latín medieval no que con data de 21 de agosto de 1124 a “raíña” Teresa de Portugal doa o lugar de Rovoirá Sacrata para fundar un mosteiro, ó tempo que lle concede determinados privilexios¹. [Ao final deste traballo hai un ANEXO no que se reproduce ese documento]

Alfonso VI de León (1040-1109) tivo dúas fillas: Urraca (que sería a súa sucesora e, á vez, nai de Alfonso VII) e Teresa (filla natural). Ambas casaron con nobres de Borgoña e, en 1095, cando casa Teresa, o pai divide o reino de Galicia en dous condados que concede, como dotes, a ambas fillas. A Urraca asígnalle a parte norte, chamándolle condado de Galicia, e a Teresa a parte sur, entre o Miño e o Duero, parte que nomea como Condado de Portugal. Cando Teresa queda viúva toma as rendas do Condado autotitulándose “raíña”. Evidentemente non o era, pero si o sería posteriormente o seu fillo Alfonso Enríquez, quen, declarándose independente do seu primo o rei Alfonso VII de León, sería o primeiro rei de Portugal con título de Alfonso I. Esta Teresa foi a mesma que en 1122 concedera ao bispo de Ourense o feudo da cidade.

Anos máis tarde, concretamente en 1228, o rei Alfonso IX confirmaría a doazón de Teresa, repetindo o mesmo nome do lugar: Rovoirá Sacrata.

II.- O cambio

Pasado algún tempo, concretamente no s. XVII, volve aparecer este nome, se ben modificado. Falamos da magna obra escrita entre 1607 e 1618 por Frei Antonio de Yepes titulada “*Crónica general de la Orden de San Benito*”. Nela, no apartado “*Año de Christo 1142, Capítulo IV*”, relata a historia (igual que fai con todos os mosteiros bieitos) do mosteiro de Monte de Ramo, o cal, segundo di, fora fundado nun lugar chamado Riviora Sacrata (hoxe Seoane Vello) e que máis tarde sería trasladado a Montederramo, onde hoxe segue.

Expón o documento que se considera fundacional, o da doazón e privilexios de dona Teresa de Portugal, e incluso transcribe literalmente tal documento pondo a continuación a súa propia tradución ó castelán. O chamativo desa transcripción e que escribe Riviora (en lugar de Rovoirá) e logo a tradución pasa a ser Rivera.

Ese escrito foi aceptado sen ningunha crítica durante máis de 300 anos ata que en 1947 o profesor coruñés Manuel Vidán Torreira, no seu traballo “*El roble sagrado de la Rivoira Sacrata*”, pon en cuestión esa tradución e argumenta que o primitivo “rovoira” aludiría a un carballo ou a unha carballeira por ser un derivado de “*robur*” (carballo).

Segundo este autor da palabra *roboria* (“madeira de carballo ou enciña”) derivarían as galegas riboira / reboira / reboiras / reboiro (das que ignoramos o significado exacto) e conclúe:

“Por lo que antecede, Rivoira Sacrata no significaba una `Ribera Sagrada`, sino un lugar donde

¹ “... uturis, locum qui dicitur Rivoira Sacrata qui est in Monte de Ramo territorio Caldelas.,,”

había un `roble sagrado` y que este `roble sagrado` estaba en `Seoane Vello`”.

En galego hai reboreda e reboredo (e así figura nos dicionarios aínda que non no normativo). Son sinónimos de carballeira e equivalentes aos casteláns *robleda* e *robledo*. Carballeira é máis usado, pero reboredo/a está presente en moitos topónimos antigos, sinal de que, en tempos, nalgúns lugares era expresión popular. Por outro lado hai que lembrar que “ribeira”, igual que “riba”, procede do latín *ripa*, o cal non parece que sexa neste caso.

Esa interpretación, que ten moitas probabilidades de ser a atinada, ten un respaldo nun escudo do primitivo mosteiro, que se conserva en pedra na fachada da rectoral de Seoane Vello, o cal presenta, na parte dereita, os atributos do Císter e na parte esquerda... ¡a figura dun carballo! Este mesmo escudo primixenio está, tamén, reproducido, en madeira policromada, no retablo da actual igrexa do Mosteiro de Montederramo.

A partir desa teoría é habitual ver repetido en varios tratados que a forma Ribeira é unha mala tradución do P. Yepes o cal tampouco non é exactamente así. O erro do P. Yepes non é de tradución senón de transcripción. O pergamiño orixinal pon claramente Roboira (“rouoyra”), pero el cando o copia pon “Riuiora”.

Ou viu o documento orixinal e se trabucou ao copialo ou o seu coñecemento foi a través de terceiros que se enganaron na literalidade.

Tense especulado sobre este asunto, chegando a pensarse que o erro puido ser adrede por canto unha “carballeira sagrada” ten reminiscencias pagás, precristiáns, concretamente celtas, xa que na relixión destes pobos moitas árbores, e en concreto os carballos, si que tiñan unha cualidade de sagrados.

Pola súa parte Juan Carlos Rivas Fernández² apunta que:

“Non obstante é probable que a suposta deficiente lectura se realizara en realidade de xeito premeditado, polo acertado do nome para aplicalo a todo o contexto de carácter eremítico e monacal, que ía xurdindo ao coñecemento dos primeiros investigadores, sobre a antiga existencia deste fenómeno en tan apartadas terras de ribeira neste tramo do Sil.”

Estas palabras, dalgún xeito, enlazan con outra posibilidade. Sería esta a seguinte:

Os topónimos evolucionan e unha forma de modificarse é polo fenómeno que se coñece como “etimoloxía popular”. O pobo, usuario da linguaxe, adapta termos para el descoñecidos a outros de fonética similar pero que responden a unha semántica coñecida. Así ben puido pasar que o “rovoira” inicial se usase así na poboación de falantes do s. XII, pero, pasado algún tempo, cando a expresión xa non se comprendese, a xente, espontaneamente, íraa trocando por “ribeira”. Desta forma é factible que en tempos do P. Yepes -s. XVII- desta forma se dixese e entendéndo así o autor quizais forzase unha hipercorrección do texto latino (considerándoo mal escrito) para poder encaixar a súa tradución na forma que el (igual ca os falantes) consideraba correcta.



Escudo de pedra en Seoane Vello

² Artigo “Mosteiros prerrománicos ourensáns” no libro “A Ribeira Sacra. Esencia de Espiritualidade de Galicia” - Varios autores – Xunta - 2004

III.- A confirmación

En 1747 o frade agostiño Fr. Henrique Flórez inicia a publicación dunha xigantesca obra, “España Sagrada”, que é unha historia da vida eclesiástica española. Chegará a ter 56 tomos, culminados os últimos polos seus colaboradores despois da súa morte.

En 1763 publica o Tomo XVII titulado “*De la Santa Iglesia de Orense*”. Nel dedica o capítulo III ós “*Principales Monasterios de este Obispado*”. Falando do de Monte de Ramo, ó tempo que cita o traballo do P. Yepes, ofrécenos dúas citas relacionadas co nome que nos ocupa:

*“... su primera situación en el lugar llamado **Rivoira Sacrata**...”*

*“... San Juan el viejo³, solar primitivo, por estar ya el Monasterio donde hoy, cosa de una legua más abajo de la **Rivera sagrada**, donde estuvo al principio, habitado de Monges negros.”*

Estas constatacións parecen confirmar e corroborar para a posteridade a denominación de Ribeira Sacra. Pero, ¡coidado!, queda confirmada a denominación (como se ten dito), pero non a demarcación. (O tema da demarcación verase no capítulo seguinte.)

Ese texto do P. Flórez sóese considerar coma unha validación do nome, pero coido que tal cousa é só a nivel cultural xa que no ámbito popular é de supoñer que xa estaría recoñecido e usado. Se a xente do pobo non o tivese asumido é difícil de comprender a persistencia do vocábulo simplemente porque o dixera un escrito de reducida difusión do século XVIII.

Cando Flórez fala de Ribeira Sacra, igual que antes Yepes ou, incluso, antes o documento de dona Teresa que alude a Rovoyra, non están falando dunha bisbarra ou dun territorio máis ou menos amplo. Falan, como di textualmente Flórez, do “*solar primitivo*”. É dicir ese era, simplemente, o eido, finca ou solar que a condesa doou e onde se erixiu o convento de San Xoán.

Falando doutros mosteiros, que hoxe calquera de nós relacionaría coa Ribeira Sacra, Flórez non usa para nada esa referencia. Así, por exemplo, de San Estevo de Ribas de Sil di que está “*á la orilla meridional del río Sil poco antes de meterse en el Miño, en el territorio Bubalo, ...*”

Ao de Santa Cristina sitúao “*A la orilla del Sil ... fundado debajo del Monte Baro en un valle muy profundo...*”

San Vicente de Pombeiro: “*A la otra vanda del Sil, cuando va a meterse en el Miño, ... debajo de la Peña Columbaria, de donde parece tomó el nombre.*”

Está claro que para o P. Flórez esa denominación tiña exclusivamente un valor histórico limitado ao mosteiro de San Xoán ou Seoane. Se nese momento coincidía cun uso simultáneo aplicable a un área máis grande non parece que a el lle constase. E nós tampouco temos constancia de que realmente fose así, aínda que teñamos que supoñelo.

3 **San Juan el viejo** é un topónimo que se corresponde co actual **Seoane Vello**.